

Hoxe é o 16 de marzo e son ás once e media – Radio Ü

Bos días aos nosos maravillosos oíntes. Hoxe temos o pracer de contar coa presenza de Caroline e os alumnos e alumnas de primeiro. Esta mañá teremos a oportunidade de coñecer mellor a nosa asistente de linguas. Chegou hai cinco meses aquí ao Ceip Plurilingüe do Camiño Inglés e sabemos que é un membro importante da nosa escola pero, ante todo, agora forma parte dos nosos corazóns. Así que démoslle a benvida cun atronador aplauso!

Maribel: Ola Caroline! Benvida a Radio Ü!

Caroline: Moitas grazas por recibirme. O gusto é meu.

Maribel: Agora alégrame deixar paso ás preguntas dos estudantes de primeiro.

1. CARLA: CAL É O TEU NOME COMPLETO?

Caroline: O meu nome completo é Mary Caroline Langdon.

2. LAURA G: DE ONDE VÉS?

Caroline: Son dos Estados Unidos, dunha cidade chamada Nashville nun estado chamado Tennessee.

3. DANIELA: CANTOS ANOS TES?

Caroline: Teño vinte e seis anos.

4. CAROLINA: TES IRMÁNS OU IRMÁ?

Caroline: Si, teño un irmán. Ten vinte e un anos, o seu nome é Matthew.

5. YANET: CAL É A TÚA COR FAVORITA?

Caroline: As miñas cores favoritas son morado, verde, turquesa e prata.

6. PAULA: CAL É O ANIMAL QUE CHE GUSTA MÁIS?

Caroline: Os meus animais favoritos son os golfiños e os monos.

7. SIMÓN: TES ALGUNHA AFECCIÓN?

Caroline: Si, bailo, gústame actuar, canto un pouco ... e ioga e calcetar son as miñas afeccións favoritas.

8. JAVIER: É A PRIMEIRA VEZ QUE VÉS A ESPAÑA?

Caroline: Non, esta é a miña segunda vez. O ano pasado vin a Andalucía para dúas semanas, pero esta é a miña primeira vez en España.

9. UXÍA: ERES PROFESORA NOS ESTADOS UNIDOS?

Caroline: Non son profesora nos Estados Unidos. Despois de licenciarme fai uns tres anos, traballei nun Bar de Zumes preparando zumes e batidos. Despois viaxei durante un tempo e cando regresei, traballei nun restaurante mexicano especializado en Paletas (xeados de produtos naturais).

10. NEREA G: POR QUE ESCOLLECHES GALICIA?

Caroline: Escollín porque levaba oíndo moi boas cousas sobre Galicia, que era como unha xoia oculta de España. Todo o mundo sabe de Andalucía ou Madrid ou Barcelona, pero Galicia é igualmente especial e ten unha fermosa cultura e eu quería experimentar iso.

11. RUBÉN: GÚSTACHE GALICIA?

Caroline: Moitísimo! De verdade que gozo de Galicia. Todo é precioso, mesmo a chuvia.

12. SOFÍA: QUE COUSAS TE SORPRENDERON AQUÍ?

Caroline: As cousas que me sorprenderon aquí? Levoume o seu tempo adaptarme á hora de comer. En xeral xanto ás 11:30 ou 12:00 pero aquí cómese máis tarde así que ... levoume tempo axustarme a iso.

13. RAQUEL: QUE É O QUE MÁIS BOTAS DE MENOS DA TÚA CASA?

Caroline: A comida tailandesa!

14. SARA V: CAL É O PRATO QUE PREFIRES DO NOSO PAÍS?

Caroline: Gústanme moito a zorza con patacas e o chocolate con churros.

15. ICÍA: TES PLANEADO FACER O CAMIÑO NALGÚN MOMENTO?

Caroline: Encantaríame facer o Camiño nalgún momento. Quizais o ano que vén.

16. MANU: COMO É ISO DE DARNOS CLASE?

Caroline: Realmente disfruto dándovos clases a todos. Resultou ser unha experiencia xenial e aprendín moitísimo. De feito síntome como unha estudante.

17. NAIA: TES ALGUNHA PREGUNTA PARA NÓS?

Caroline: Si! Teño moita curiosidade por saber como a cultura galega difire da española e como o feito de ser galego vai moldeando a túa identidade aparte de ser español.

ICÍA: É unha pregunta interesante pero tamén difícil así que teremos que pensar nela ...

Maribel: Creo que chegamos ao final do programa. No nome de todos e todas nós, grazas por unirse a nós hoxe. Pasamos un bo rato coñecéndonos mellor. Grazas outra vez, foi un pracer que estiveras aquí.

Caroline: Moitísimas grazas por recibirme!

Maribel: Para despedirnos queríamos saber se tes unha canción en particular que che vén á mente cando pensas no teu fogar.

Caroline: Si! Hai unha canción titulada The Stable Song by Gregory Alan Isakov e esa canción é realmente especial para min, póñoa cando teño morriña o simplemente necesito levantar o ánimo. Téñolle un cariño especial...así que...